PROGRAMA GRUPO ESPECIAL DE SEGUIMENTO (G.E.S.)

CATEGORÍA JUNIOR

Tempada 2026-27

1.Idea principal e obxectivos

A idea principal do programa é dar continuidade ao traballo de seguimento iniciado na categoría infantil durante as tempadas anteriores.

Neste contexto, a Federación Galega de Natación (FEGAN), dentro da súa estratexia deportiva a curto e medio prazo, propón este Programa de Seguimento Júnior, co obxectivo de establecer unha liña de traballo continuada que permita acompañar o desenvolvemento deportivo dos nadadores e nadadoras, así como apoiar o labor dos seus adestradores e adestradoras.

Obxectivos

1. Proporcionar ferramentas de traballo actualizadas

Aportar e continuar achegando ferramentas e recursos actualizados que permitan traballar diferentes contidos e capacidades nos distintos niveis de formación.

A persoa adestradora debe asumir o papel de adestrar, mentres que o nadador ou nadadora debe asumir o papel de ser adestrado, favorecendo así o desenvolvemento progresivo da denominada Etapa para Adestrar.

2. Realizar un seguimento integral dos deportistas e das súas persoas adestradoras

Establecer un seguimento continuado dos deportistas e dos seus adestradores e adestradoras, estruturado en períodos delimitados polas principais competicións da tempada, especialmente polos Campionatos de España de inverno e de verán.

- I Período: do 5 de outubro ao 14 de marzo.
- II Período: do 3 de abril ao 25 de xullo.

3. Avaliar o desenvolvemento deportivo

Avaliar ao longo da tempada as diferentes capacidades dos nadadores e nadadoras, atendendo especialmente aos aspectos:

- Físicos
- Técnicos
- Tácticos

Esta avaliación permitirá coñecer a evolución dos deportistas e orientar o traballo posterior en función das necesidades detectadas.

4. Fomentar a perseveranza e os valores deportivos

Promover unha actitude baseada na perseveranza, o compromiso, o esforzo e a responsabilidade, favorecendo tanto o desenvolvemento deportivo como o crecemento persoal dos deportistas.

Preténdese, así mesmo, crear progresivamente un grupo de traballo cohesionado, que a medio e longo prazo constitúa unha das bases para o desenvolvemento da natación absoluta galega.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

5. Apoiar o labor dos técnicos e técnicas dos clubs

Motivar, axudar e apoiar o traballo desenvolvido polos técnicos e técnicas dos clubs galegos, recoñecendo que a súa implicación e compromiso son fundamentais para o presente e o futuro da natación galega.

6. Favorecer a interrelación entre clubs e Federación

Potenciar a comunicación e a colaboración entre os nadadores e nadadoras, as persoas adestradoras dos diferentes clubs galegos e os responsables técnicos da Federación Galega de Natación.

Esta interrelación permitirá compartir experiencias, criterios e metodoloxías de traballo, favorecendo unha maior coordinación e cohesión dentro do sistema deportivo galego.

2.Desarrollo do programa

O Programa de Seguimento Júnior estruturarase en diferentes accións e ferramentas de traballo que permitirán realizar un seguimento continuado dos deportistas, así como manter unha comunicación fluída entre os clubs e a Dirección Técnica da FEGAN.

1. Sets e tarefas propostas pola Dirección Técnica

A Dirección Técnica poderá propoñer diferentes sets e tarefas de traballo co obxectivo de controlar, avaliar e monitorizar a evolución dos deportistas, tanto no traballo na auga como no traballo fóra dela.

A realización destas tarefas permitirá á Dirección Técnica obter información obxectiva, homoxénea e comparable sobre o proceso de adestramento dos deportistas participantes no programa, facilitando así o seguimento da súa evolución e a avaliación dos resultados obtidos.

2. Compartir información dos deportistas coa Dirección Técnica

Un dos elementos fundamentais do programa será a comunicación continua entre as persoas adestradoras dos clubs e a Dirección Técnica.

Durante cada período de seguimento, as persoas adestradoras poderán compartir coa Dirección Técnica información relevante sobre a evolución e o proceso de adestramento dos seus deportistas.

Esta información poderá incluír, entre outros, os seguintes aspectos:

- Porcentaxe de asistencia aos adestramentos.
- Traballo realizado na auga.
- Traballo realizado fóra da auga ou en seco.
- Sets e tarefas específicos realizados.
- Evolución das capacidades físicas, técnicas e tácticas.
- Incidencias ou aspectos relevantes que poidan afectar ao proceso de adestramento.
- Calquera outra información que se considere de interese para o seguimento do deportista.

O obxectivo será dispoñer dunha visión global, obxectiva e actualizada da evolución de cada nadador e nadadora, favorecendo unha coordinación eficaz entre os clubs e a Dirección Técnica e respectando en todo momento o papel fundamental da persoa adestradora responsable do deportista no seu club.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

3. Adestramentos conxuntos co grupo do CGTD en Pontevedra

Como parte das accións de interrelación e intercambio de experiencias, valorarase a posibilidade de que os nadadores e nadadoras incluídos no programa poidan compartir determinadas sesións de adestramento cos deportistas bolseiros do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) de Pontevedra.

O obxectivo será favorecer a realización de adestramentos conxuntos, creando un contexto que permita aos deportistas coñecer outras dinámicas de traballo e compartir experiencias con nadadores e nadadoras doutros clubs.

3.Criterios de selección/requisitos

I período

Formarán parte do Programa de Seguimento Júnior os nadadores e nadadoras que cumpran, polo menos, un dos seguintes requisitos:

1. Resultados deportivos

- Medallistas no Campionato de España Infantil e Júnior de verán da tempada 2025-2026.
- Finalistas no Campionato de España Infantil e Júnior de verán da tempada 2025-2026.

2. Marcas acreditadas

Dispoñer dunha marca acreditada durante o ano 2026 que permita a participación nos Campionatos de España da tempada 2026-2027.

Tamén poderán formar parte do programa aqueles nadadores e nadadoras cuxa marca acreditada se atope a menos dun 2% % de diferenza respecto da mínima nacional correspondente.

Inclusión por criterio técnico

A Dirección Técnica poderá incorporar ao programa nadadores e nadadoras que non cumpran os criterios anteriores, sempre que presenten condicións físicas, técnicas ou de proxección deportiva que fosen identificadas e avaliadas durante as tempadas anteriores.

Neste proceso, tamén se poderán ter en consideración os nadadores e nadadoras que solicitasen unha bolsa do CGTD para a presente tempada, como un elemento adicional de valoración do seu potencial e evolución deportiva.

Incorporación no primeiro período

Durante o primeiro período de seguimento, a Dirección Técnica poderá realizar convocatorias adicionais tendo en conta os resultados obtidos na XI Copa de España de Augas Abertas, así como as marcas acreditadas en piscina.

A Dirección Técnica resérvase o dereito de excluír do programa a aqueles nadadores e nadadoras que, aínda cumprindo algún dos criterios establecidos, sexan considerados non susceptibles de formar parte do mesmo.

Estas decisións serán tomadas mediante unha valoración individualizada de cada situación, atendendo ao contexto deportivo do nadador ou nadadora e aos obxectivos do Programa de Seguimento Infantil.

II período

Publicarase unha vez finalice o Campionato España júnior de inverno.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Nadadores seleccionados

I período

Categoría Masculina:

Nadador	Ano	Clube
Iago Villanueva Vázquez	2011	REAL C. NÁUTICO DE VIGO
Miguel Rey Fernández	2011	C. N. REDONDELA
Bruno Rodríguez Da Silva	2010	CN PONTEAREAS
Tristán Alonso Becerra	2010	C. FLUVIAL LUGO
Pedro Suárez Martínez	2010	SPORTING C. CASINO
Carlos Casal Cancela	2010	AGRUP. DEP. FOGAR
Nicolás Carril Fernández	2009	AGRUP. DEP. FOGAR
Guillermo Álvarez González	2011	CN PABELLON OURENSE
Diego Troitiño Hermida	2011	CN FERROL
Marcelo Gómez Sáinz-Aja	2010	CN PABELLON OURENSE
Daniel Fernández Quintela	2010	CN PABELLON OURENSE
Daniel Meizoso Fernández	2009	AD NÁUTICO NARÓN
Teo Sanesteban López	2010	MARINA FERROL
Manuel López Castro	2010	AGRUP. DEP. FOGAR
Ramón Luaces Chan	2011	SPORTING C. CASINO
Pablo Conde Álvarez	2011	PABELLÓN OURENSE

Categoría Feminina:

Nadadora	Ano	Clube
Nadiuska Ouviña Picos	2010	SOC. DEP. CUL. N. BOIRO
Celia López-Freire Francia	2010	C. N. PORTAMIÑA LUGO
Andrea Gudín Pérez	2010	CN MONFORTE
Laura Santas Vázquez	2009	C. N. PORTAMIÑA LUGO
Alba Lamas Santos	2011	AGRUP. DEP. FOGAR
Carlota Gil Garnacho	2009	SPORTING C. CASINO
Zaira Vila Rial	2011	CN PONTEAREAS
Iraide Cebey Fidalgo	2011	CN LICEO
Alicia Bayón Álvarez	2011	CN GALAICO
Alba Lema Castro	2011	CN PORTAMIÑÁ
Manuela Isabelle Trinidad Vázquez	2011	C. FLUVIAL LUGO
Rita Tubío Sueiro	2011	SOC. DEP. CUL. N. BOIRO

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

4.Datas, sedes e adestradores

As sesións presenciais no CGTD realizaranse, con carácter xeral, os venres pola tarde, en horario de 15:30 a 18:00 horas.

Co obxectivo de facilitar a organización dos clubs e garantir unha adecuada planificación das sesións, elaborarase un calendario de asistencia, que será consensuado previamente entre as persoas adestradoras responsables dos nadadores e nadadoras e o equipo técnico do CGTD.

Para poder levar a cabo estas sesións conxuntas, deberá estar presente polo menos unha persoa adestradora adicional, que será convocada oficialmente pola Dirección Técnica. Non obstante, poderán asistir tamén todas aquelas persoas adestradoras que o desexen.

Durante o período no que a piscina do CGTD non estea dispoñible, buscaranse alternativas que permitan realizar algunha sesión de adestramento conxunta co grupo, co obxectivo de manter esta dinámica de traballo e favorecer a interrelación entre os deportistas e as persoas adestradoras dos diferentes clubs.

Daniel Toro Varela

Director Técnico Natación da FEGAN

Pontevedra, outubro 2026

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org